O día 21 de outubro de 2024 ten entrada na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio (en diante, DXSAP) un escrito remitido polo Departamento de Xestión Xurídico-Administrativa do Instituto de Estudos do Territorio (en diante, IET), no que se solicita o informe preceptivo desta dirección xeral en relación cunha proposta de modificación da relación de postos de traballo (en diante, RPT) da devandita entidade.

A dita solicitude vén acompañada da seguinte documentación:

- Memoria funcional e económica.
- Informe xustificativo dos cambios propostos.
- Anexos modificación RPT.
- Acta da xuntanza coas organizacións sindicais.

Atendendo á solicitude formulada, en cumprimento do disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, en concordancia co artigo 14 do Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, a DXSAP emite o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. Antecedentes

A autorización para crear o Instituto de Estudos do Territorio formalizouse a través do artigo 31 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia. A creación propiamente dita deste organismo materializouse no capítulo III (art. 9 e seguintes) da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

As dúas leis anteriores foron derrogadas pola Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, en cuxo capítulo IV (art. 15 e seguintes) se regula o Instituto de Estudos do Territorio, constituído como un organismo autónomo dos regulados na sección 2ª do capítulo II do título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro,

CVE: 6wFeVXG1A3i1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (en diante, Lofaxga).

A aprobación dos estatutos do IET levouse a cabo a través do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio. Estes estatutos foron modificados polo Decreto 104/2023, do 29 de xuño, polo que se modifica o citado Decreto 244/2011

A aprobación da primeira RPT do IET efectouse mediante a Resolución do 14 de xuño de 2019 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de xuño de 2019 pola que se aproban a relación de postos de traballo e o cadro de persoal do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio. Esta RPT sufriu unha modificación aprobada mediante Resolución do 21 de febreiro de 2022 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de febreiro de 2022 polo que se aproba a modificación de postos de traballo do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio (cunha corrección de erros publicada no DOG do 5 de abril de 2022).

SEGUNDO. Obxecto da proposta

Esta nova proposta de modificación da RPT do IET ten por obxecto:

- Adaptar e reforzar a estrutura do IET debido ao desenvolvemento de novos programas e proxectos no ámbito das súas competencias, en execución do Decreto 104/2023, do 29 de xuño.
- Adaptar as funcións realizadas polas distintas unidades administrativas á realidade actual e ás novas necesidades xurdidas pola implementación do Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.
- Recoller os cambios de vínculo xurídico dunha parte do persoal do IET derivados dos procesos de funcionarización do persoal laboral fixo deste organismo autónomo.

CVE: 6wFeVXG1A3i1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

TERCEIRO. Estrutura organizativa actual do IET

O Decreto 104/2023, do 29 de xuño, estrutura o IET nos seguintes departamentos e servizos:

Departamento de Xestión Xurídico-Administrativa

- Servizo de Xestión
- Servizo Xurídico-Administrativo

Departamento Técnico de Estudos

- Servizo de Estudos
- Servizo de Coordinación e Información Territorial
- Servizo de Planificación da Paisaxe
- Servizo de Coordinación e Fomento dos Valores Paisaxísticos

CUARTO. Cambios propostos

Proponse crear tres postos: unha xefatura de servizo e dúas xefaturas de sección, todas elas dentro do Departamento Técnico de Estudos; amortizar seis postos vacantes; e modificar os requisitos de acceso a unha xefatura de servizo.

Creacións

- *Crear a Xefatura de Servizo de Coordinación e Fomento dos Valores Paisaxísticos*

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	SUBGRUPONIVEL	FORMA PROVISIÓN	CORPO/ESCALA	ADSCR. ADMIN.	OBS.
MAO310000215770035	XEFATURA DE SERVIZO DE COORDINACIÓN E FOMENTO DOS VALORES PAISAXÍSTICOS	A1-A2 28	CE	XERAL	AXG	*

*Formación específica (mérito): 502 (arquitecto/a).

CVE: 6wFeVXG1A3i1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Créase esta xefatura de servizo, en execución do Decreto 104/2023, do 29 de xuño, á cal "lle corresponden as funcións encomendadas ao Instituto de Estudos do Territorio no relativo ao fomento dos valores paisaxísticos e da súa integración nas políticas territoriais e sectoriais, así como as funcións de asistencia aos concellos de Galicia para a elaboración, xestión e execución dos instrumentos de planeamento urbanístico".

- *Crear a Xefatura de Sección de Produción e Información Cartográfica*

CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN	SUBGRUPO/NIVEL	FORMA PROVISIÓN	CORPO/ESCALA	ADSCR. ADMIN.	OBS.
MAO310000215770036	XEFARURA DE SECCIÓN DE PRODUCIÓN E INFORMACIÓN CARTOGRÁFICA	A1-A2-C1 25	C	XERAL	AXG	*

*Formación específica (mérito): 468 (grao en enxeñería xeomática e topográfica), 469 (enxeñería técnica topográfica), 471 (lic./grao xeoloxía), 486 (lic./grao en matemáticas), 490 (enxeñería de telecomunicacións), 513 (lic./grao xeografía), 571 (coñecemento no manexo e configuración das aplicacións de xestión de datos espaciais e xeográficos), 578 (coñecementos en edición cartográfica e fotogramétrica), 579 (coñecementos en xestión e produción da información xeográfica), 581 (coñecementos en traballos cartográficos das dinámicas da ocupación do solo).

Proponse crear esta sección, baixo a dependencia do Servizo de Coordinación e Información Territorial, ao cal lle corresponde a elaboración, mantemento e actualización da información xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento dos estudos relacionados co territorio, así como a súa coordinación e difusión entre os distintos departamentos da Xunta de Galicia.

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático encargou ao IET o proxecto de produción cartográfica baseado na necesidade de acometer un plan de produción da cartografía básica topográfica de Galicia a escala 1/5.000. A cartografía básica fornece información básica necesaria en materia de urbanismo e ordenación do litoral, infraestruturas, xestión agrícola, xestión forestal e xestión ambiental, prevención de riscos, etc., que afecta non só ás consellerías da Xunta de Galicia, senón tamén aos concellos desta comunidade autónoma. Ademais, no ámbito da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, en desenvolvemento da Lei 4/2003, do 6 de xullo, deberán formularse as Directrices de Ordenación do Litoral e o Plan de Ordenación Costeira.

CVE: 6wFeVXG1A3i1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Segundo consta na memoria funcional remitida, por todo o anterior prevese un incremento das cargas de traballo que motivan a creación da Sección de Produción e Información Cartográfica, con funcións relacionadas cos seguintes asuntos:

- Plan Galego de Cartografía e Información Xeográfica.
- Accións conxuntas con outras administracións e departamentos.
- Produción cartográfica.
- Plan de xestión do IDEC e do SIX corporativo.
- Innovación.
- Divulgación e formación.

➢ *Crear a Xefatura de Sección de Estudos*

CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN	SUBGRUPO/NIVEL	FORMA PROVISIÓN	CORPO/ESCALA	ADSCR. ADMIN.	OBS.
MAO310000215770037	XEFARURA DE SECCIÓN DE ESTUDOS	A1-A2-C1 25	C	XERAL	AXG	*

*Formación específica (mérito): 472 (lic./grao en bioloxía), 502 (arquitecto/a), 506 (lic./grao en económicas/empresariais), 513 (lic./grao xeografía), 578 (coñecementos en edición cartográfica e fotogramétrica), 579 (coñecementos en xestión e produción da información xeográfica).

Proponse crear esta sección, baixo a dependencia do Servizo de Estudos, ao cal lle corresponden funcións de análise, seguimento, formación e divulgación sobre o territorio galego. O Servizo de Estudos é a unidade encargada do desenvolvemento de dous proxectos europeos liderados polo IET. En primeiro lugar, o INTERREG Europe Green Infrastructure for Forest and Trees (GIFT), cuxo obxectivo principal consiste na mellora da calidade xeral da infraestrutura verde, centrado nas masas forestaris e nas árbores. Este proxecto, no que colaboran nove socios europeos, estrutúrase arredor dunha fase central cunha duración de tres anos (de 2023 a 2026) e outra fase de seguimento que abranguerá o derradeiro ano do proxecto (de 2026 a 2027).

En segundo lugar, o Servizo de Estudos ocúpase da participación do IET no proxecto INTERREG POCTEP GREEN GAP ESPAÑA-PORTUGAL de impulso das infraestruturas verdes locais, en colaboración con outras nove entidades públicas. Con este proxecto perséguese impulsar a planificación en materia de infrestrutura verde no ámbito municipal e comarcal, elaborando unha metodoloxía común que permita ás

CVE: 6wFeVXG1A3i1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

administración locais de Galicia e o Norte de Portugal deseñar estratexias de infraestrutura verde locais e de adaptación ao cambio climático.

Segundo o exposto na memoria funcional remitida, a participación do IET nestes dous proxectos europeos supón un incremento de traballo para o Servizo de Estudos, que ademais é o encargado do Plan de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio e da Sustentabilidade Territorial. A nova sección que se propón crear para cubrir este incremento terá funcións de apoio ao Servizo de Estudos, en particular:

- O desenvolvemento das terefas do Plan de seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio e da Sustentabilidade Territorial.
- A coordinación dos grupos técnicos de traballo do Plan de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio e da Sustentabilidade Territorial para a actualización de indicadores e aprobación do informe anual.
- O apoio á xestión ordinaria do Proxecto Mestres Gandeiros do Programa Plan Proxecta.
- O apoio no desenvolvemento de instrumentos de planificación territorial.

Amortizacións

Para cubrir o custo xerado polas anteriores creacións, proponse amortizar os seguintes seis postos de traballo, todos eles vacantes:

- Titulado/a de grao medio (grupo II, categoría 07): código MA.O31.99.999.15770.130.
- Posto base (subgrupo A1, nivel 20): código MA.O31.00.000.15770.104.
- Xefatura de grupo (subgrupos C1-C2, nivel 14): código MA.O31.00.000.15770.006.*
- Posto base (subgrupo C2, nivel 12): código MA.O31.00.000.15770.030.*
- Posto base (subgrupo C2, nivel 12): código MA.O31.00.000.15770.031.*
- Secretario/a do/da director/a do departamento (subgrupos C1-C2, nivel 16): código MA.O31.00.000.15770.003.

*Postos amortizados en execución do disposto no Decreto 104/2023, do 29 de xuño.

CVE: 6wFeVXG1A3i1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Modificacións

Proponse eliminar o requisito de titulación 2062 - Licenciado/Grao en Dereito para acceder á Xefatura do Servizo Xurídico-Administrativo (código MA.O31.00.001.15770.020) dependente do Departamento de Xestión Xurídico-Administrativa, sen prexuízo de que constitúa un mérito a valorar, e se poña como formación específica 501 LIC./GRAO DEREITO (mérito).

A xustificación do cambio proposto é a modificación das funcións do Servizo Xurídico-Administrativo polo Decreto 104/2023, do 29 de xuño, pasando a ser funcións, non só de carácter xurídico, senón tamén de carácter administrativo.

As funcións asignadas a esta xefatura de servizo polo Decreto 104/2023, do 29 de xuño son as seguintes:

> *"correspóndenlle as funcións encomendadas ao departamento no relativo á prestación de asesoramento a todas as unidades do organismo, particularmente nos procedementos de axudas tramitados polo Instituto de Estudos do Territorio, á elaboración dos anteproxectos normativos e de plans e programas de actuación deste organismo e das propostas de resolución dos expedientes que sexan competencia do Instituto de Estudos do Territorio, á tramitación dos convenios de colaboración, así como á xestión e administración ordinaria do persoal adscrito ao organismo".*

QUINTO. Custos

Segundo consta na memoria económica remitida, o custo dos tres postos creados é de 172.293,33 €, mentres que o custo dos seis postos amortizados ascende a 197.135,77 €, o que dá un superávit de 24.842,44 €, importe que se pretende utilizar en futuras modificacións da RPT do organismo.

Non obstante o anterior, en relación coa memoria económica pronunciarase a Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico da Consellería de Facenda e Administración Pública.

CVE: 6wFeVXG1A3i1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

SEXTO. Sentido do informe

Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, emite **informe favorable** sobre a proposta de modificación da relación de postos de traballo do Instituto de Estudos do Territorio.

O director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio

José María Barreiro Díaz

(Documento datado e asinado dixitalmente na marxe)

Asinado por: BARREIRO DIAZ, JOSE MARIA
Cargo: Director Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Data e hora: 30/10/2024 11:47:08

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

CVE: 6wFeVXG1A3i1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve